 - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
 - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
 - Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
 - Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
 - Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.
 - Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...
- Localización e sistemas de representación
 - Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
 - Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
 - Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
 - Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Organización e análise de datos
 - Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiáns, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.
 - Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación

Contidos

- dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6 | Viaxamos? | 25 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá. | Representar de forma sinxela as ideas contidas en problemas matemáticos cotiáns. | TI | 100 |
| CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá. | Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente. | | |
| CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas. | Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas. | | |
| CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución. | Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada. | Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa. | | |
| CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico. | Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá. | | |
| CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario. | Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades. | | |
| CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe. | Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro. | | |
| CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos. | Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros. | | |
| CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo. | Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable | | |
| CA6.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada. | Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas. | | |
| CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios. | Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos. | | |
| CA6.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas. | Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,.. | | |
| CA6.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica. | Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Cálculo - Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos. - Cantidade - Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora. - Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99. - Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá. - Sentido das operacións. |

Contidos

- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada.
- Educación financeira
- Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.
- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións
- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.
- Descrición de obxectos cotiás cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).
- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.
- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...
- Localización e sistemas de representación
- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.
- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.
- Visualización, razoamento e modelización xeométrica
- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.
- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción
- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.

Contidos

- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Teremos en conta no traballo diario os seguintes principios metodolóxicos ademais das distintas modalidades de agrupamentos e organización de espazos e tempos.

a) Principios metodolóxicos

As estratexias didácticas son o conxunto de procedementos que o alumno adquire e emprega de xeito intencional co obxectivo de aprender significativamente e solucionar problemas, este tipo de estratexias deben enfocarse de cara a un proceso de ensinanza aprendizaxe que forme a un alumnado autónomo, crítico e dinámico, para iso os principios metodolóxicos nos que baseamos a proposta son os seguintes:

Dende a perspectiva epistemolóxica das diferentes áreas de coñecemento, teremos en conta os seguintes aspectos para levar a cabo unha educación de calidade:

- En cada momento hai que ter en conta o coñecemento que provén das experiencias previas e das situacións novas do alumnado.

- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que, mais que transmitirse, constrúese mediante a práctica, co cal se pon de relevo o seu carácter construtivista, social e interactivo.

- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e emendar os erros.

- O ensino debe buscar interaccións cada vez mais ricas e significativas entre os elementos proporcionados por diferentes soportes (textos, audiovisuais, etc.), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas: xeral e especiais) e situacións ou feitos (da vida cotiá, descubrimentos, centros de interese, etc.).

Dende a perspectiva psicolóxica:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
- Das súas características evolutivo-madurativas específicas, en xeral.
- Do seu nivel de competencia cognitiva e metacognitiva.
- Dos coñecementos previamente construídos.
- Asegurar aprendizaxes construtivas e significativas.
- Diagnosticando os coñecementos previos que posúe.

-Conectando e integrando os contidos e estratexias previos cos novos por vivir e aprender. O alumnado, co que sabe e grazas á maneira como o profesor ou a profesora lle presentan a información, reorganiza o seu coñecemento entrando en novas dimensións, transferindo ese coñecementosa outras situacións, descubrindo os principios e procesos que o explican, mellorando a súa capacidade organizativa comprensiva para outras experiencias, ideas, valores e procesos de pensamento que vai adquirir dentro e fóra da aula.

- Favorecer a aprendizaxe autónoma.

-Desenvolvendo o profesorado un modelo curricular de natureza procesual que asegure que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si mesmos, aprendendo a aprender, adquirindo estratexias cognitivas e metacognitivas que favorezan o asentamento dunha boa memoria comprensiva (semántica). Modelo que, partindo do establecemento de redes conceptuais que permitan representar toda a estrutura da materia de xeito sinxelo e claro, das cales se poidan formar os esquemas conceptuais e cognitivos oportunos, permita a xeración de mapas cognitivos que establezan relacións entre os distintos contidos e faciliten a percepción da súa estrutura ao dar resposta adecuada aos tres interrogantes que a ciencia se fai: que (descrición) e os seus detalles (cales, como, onde e cando), por que (explicación) e para que (intervención).

-Modificando progresivamente os esquemas previos do coñecemento dos alumnos e das alumnas, desde o saber cotián ata o saber científico.

- Potenciar a actividade.

- Facilitando a reflexión á hora da acción.

-Posibilitando que o alumno e a alumna cheguen a facer aquelas actividades que aínda non son capaces de realizar sos, pero si coa axuda conveniente (zona de desenvolvemento potencial).

Dende a perspectiva pedagóxica, centrarémonos en:

- Partir dunha avaliación inicial, específica e global.

- Das súas aptitudes e actitudes.

- Das súas necesidades e intereses.

- Dos seus coñecementos previos, xerais e por áreas.

- Motivar axeitadamente.

-Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.

- Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.

-Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender, especialmente a través dunha atribución causal positiva, tanto do profesorado como do propio alumnado.

- Analizar os esquemas previos de coñecemento.

-Asegurando que se posúen os requisitos básicos para poder abordar a seguinte nova aprendizaxe.

- Reforzando os conceptos previos mais débiles e sensibles.

- Fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición dos novos coñecementos.

-Incorporando mediante a actitude docente o exemplo adecuado que se debe seguir (currículo implícito ou latente).

-Facilitando que poida desenvolver a súa actividade coa mínima axuda necesaria.

-Consolidando os enlaces entre os coñecementos previos e os novos.

-Estruturando e dosificando os novos contidos conceptuais de forma apropiada (redes, esquemas e mapas).

- Promovendo a funcionalidade das aprendizaxes, aplicándoas e transferíndoas a outras situacións ou contidos diferentes.

-Tendo moi en conta os coñecementos de cada materia, respectando a súa estrutura epistemolóxica, a súa lóxica interna específica e os avances do momento.

Especificamente, estes principios deben facilitar:

- A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo as súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.

- A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.

- Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mútuo, que procure a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.

- Progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.

- A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.

- Espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e a interrelación de iguais e de discentes e docente.

- A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.

- A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.

- A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía mais aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo-temporais.
- A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- Xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
- A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- Tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.
- Contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

b-Medidas metodolóxicas que se levan a cabo na aula de 1º de primaria:

Falamos de Actuacións dirixidas a prever ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo ordinario, sin alterar ningún dos elementos esenciais, co fin de que a diversidade do alumnado alcance as capacidades establecidas nos obxetivos xerais de nivel. Poden ser xerais ou singulares.

Xerais:

Son o conxunto de medidas dirixidas a prever dificultades mediante a adecuación dalgún dos elementos curriculares, sin alterar a súa natureza e/ou medidas organizativas que se levan a cabo desde niveis iniciais de planificación.

Entre elas destaco as seguintes:

-Adecuación de obxetivos: Priorízanse os obxectivos para o alumnado que mostra mais necesidades.

-Organización de contidos en ámbitos integradores.

-Búscase a participación activa de todo o alumnado por igual.

-Aprendizaxe cooperativo

-Aprendizaxe individual. Coma titora conto con apoio da especialista de pedagogía terapeútica nas horas onde se imparten as materias instrumentais, co fin de conseguir que existan a menores dificultades e diferenzas de nivel entre o alumnado.

-Fomento da participación mediante:

-Combinar diferentes tipos de actividades.

-Desenrolo de estratexias que favorezan a autonomía no aprendizaxe

-Variar os tempos. Ser permisivo cos mesmos, tendo en conta as características individuais do alumnado

-Traballar o nivel afectivo posto que inda son nenos pequenos.

-Reflexionar sobre os procesos de ensinanza pola miña parte: adecuación e reaxuste.

-Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento dos casos e intervención cando a situación o aconselle.

Singulares:

Conxunto de medidas dirixidas a prever e/ou compensar dificultades, mediante modificacións organizativas e/ou de elementos curriculares, sin alterar ningún dos elementos esenciais. Son:

• Medidas de ampliación e profundización

• Actividades de recuperación e reforzo

b-Medidas organizativas:

-Modalidade do reforzo:

Anterior a actividade:

Búscase crear un clima positivo de cooperación, favorecendo as relacións interpersoais así como xenerar un estilo de ensinanza mais dinámico, participativo e aberto.

Trátase de buscar a participación nas actividades de ensinanza-aprendizaxe, vocabulario novo, conceptos básicos, consignas de traballo, etc.

Esto permite adiantarse ás necesidades dos alumnos-as, reforzando a súa autoestima e axúdalle a seguir a clase de forma mais cómoda e proveitosa

Posterior á actividade.

Axústase mais ás necesidades individuais, respeta os ritmos de aprendizaxe e pode reducir a ansiedade do alumno-a durante a clase.

-Simultánea a actividade.

Adaptacións na metodoloxía, recursos e contidos axustándose ás necesidades individuais.

c) Agrupamentos:

A diversidade de agrupamentos proporciona unha mellor explotación das actividades escolares e constitúe un instrumento de adecuación metodolóxica ás necesidades dos alumnos. Os criterios de distribución do alumnado por aulas son moi diversos e teremos en conta aspectos como o punto de partida dos alumnos ao chegaren ao inicio do ciclo e curso, as peculiaridades educativas do centro e a natureza da área ou actividade.

Os criterios máis empregados na agrupación de alumnos serán o equilibrio nos grupos, o rendemento académico e

ritmo de aprendizaxe, os intereses, a motivación e a natureza da área ou da actividade, fomentando na medida do posible a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e o traballo colaborativo, a cohesión do grupo, o traballo por proxectos, a atención á diversidade, a pertenza ao centro, a mediación en conflitos e a relación co contorno e cos servizos da comunidade.

Segundo as características e necesidades do alumnado, e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área, os tipos de agrupamentos máis empregados son: Grupo aula, pequeno grupo, equipos de traballo cooperativo e grupos de actividade, empregando unha gran parte do tempo ao traballo individualizado. En xeral, isto variará en función da actividade en cuestión, pero en principio utilizarase principalmente o pequeno grupo, variando os compoñentes do mesmo.

d) Organización dos espazos

Os espazos organizaranse de formas diversas:

- Espazos propios do grupo aula: Zona de traballo, zona de xogos e zona de plastilina e lectura.
- Outros espazos do centro: Algúns destes espazos son a biblioteca, sala de informática, aula multimedia, patio, pavillón, pistas, radio, clases das especialistas...

e) Materiais e recursos.

Libros de Vicens-Vives. Material elaborado pola titora ou por outros especialistas. Pantalla dixital. Biblioteca de aula e de centro. Material elaborado pola titora para as rutinas de primeira hora e outras de orixe decorativo co fin de ir acostumándoos para a etapa de primaria sen agobialos, pensados para o seu disfrute persoal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Material manipulativo convencional: tangram, policubos, regletas, base dez, bloques lóxicos, pezas de construción, corpos xeométricos, contas de madeira... |
| Material manipulativo non convencional: tapóns, pedras, paos, follas... |
| Material de refugallo: botellas, caixas, envases de produtos do supermercado, teas, fíos, lás, ... |
| Material de debuxo: regra |
| Cartos: moedas e billetes. |
| Recursos tecnolóxicos e dixitais: calculadora, robot, tablet... |
| Outros recursos: planos, coleccionables, folletos, publicidade, pelotas, aros... |

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto esteticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reuza as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulo correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilita ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será o punto de referencia para a adecuación do proceso de ensino aprendizaxe (a finais do mes de setembro, comezo de outubro), revisarase a documentación académica do alumnado correspondente e comunicáronos co titor do curso anterior, sempre e cando sexa posible (neste caso a titora de infantil). Ademais aplicarase unha proba inicial, escrita ou oral que determinará o punto de partida para o desenvolvemento curricular, adecuando as características do alumnado e dando resposta á atención á diversidade. Neste caso concreto, a titora de infantil segue no centro, por eso é moito máis fácil ter unha información de axuda previa de cada alumno. Esta reunión levouse a cabo antes de comezar as clases.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-----------------------|------|------|------|------|------|------|-------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 20 | 15 | 15 | 15 | 15 | 20 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Para avaliar teranse en conta os seguintes criterios de cualificación

- Probas escritas e orais: ponderarase cun 70% (nas probas escritas terase en conta a ortografía, presentación e adecuación aos contidos)
- Traballo diario: ponderarase cun 10% (igualmente a ter en conta ortografía e presentación)
- Actitude do alumno/a: ponderarase cun 10% (actitude ante o traballo diario, comportamento, implicación nas tarefas etc.).
- Presentación da libreta (tendo en conta a realización de tarefas feitas e a corrección posterior de ser necesario) : 10%.

Tendo en conta que cada curso académico está dividido en tres períodos ou avaliacións no que se emitirán cualificacións seguindo os criterios de anteriormente citados, reflectirase en forma numérica coas xa coñecidas equivalencias de INSUFICIENTE, SUFICIENTE, BEN, NOTABLE E SOBRESALIENTE.

Unha vez obtidos os resultados da avaliación, o alumnado promocionará ao curso seguinte sempre e cando acadese o desenvolvemento correspondente das competencias básicas e un axeitado grado de madurez.

Accederase tamén ao seguinte curso cando as aprendizaxes non acadadas non sexan un obstáculo para seguir satisfactoriamente ao novo curso. Neste caso, o centro educativo adoptará as medidas precisas para que o alumnado reciba os apoios necesarios para a recuperación de ditas aprendizaxes.

Tamén se poderá acceder ao novo curso inda que as aprendizaxes non estén acadadas cando se considere que de algunha forma “é máis positivo que o alumno supere o curso a nivel integración e relación cos semellantes que se repete o mesmo”.

Cando o alumnado non cumpra as condicións establecidas no parágrafo anterior, permanecerá un ano máis no curso, tendo en conta que esta medida só se poderá adoptar unha soa vez ao longo de toda a etapa educativa. Esta medida deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo educativo que os centros educativos organizarán de acordo co que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Destacar que o alumnado seguindo a nova Ley de Educación e priorizando este aspecto ante o exposto anteriormente, tan só poderá repetir nos cursos pares.

Criterios de recuperación:

Realización de agrupamentos flexibles para a atención ao alumnado nun grupo específico, con carácter temporal e aberto, e coa finalidade de facilitar a integración do alumnado no seu grupo ordinario e que, en ningún caso, suporá discriminación para o alumnado mais necesitado de apoio.

- Apoio en grupos ordinarios mediante un segundo profesor ou profesora dentro da aula, preferentemente para reforzar as aprendizaxes instrumentais básicas, no caso do alumnado que presente un importante desfase no seu nivel de aprendizaxe nas necesidades educativas concretas das áreas de Lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e de Matemáticas.

Medidas de tipo curricular

-Programas de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas.

Estes programas teñen como fin asegurar as aprendizaxes básicas de Lingua castelá/galega e literatura, e Matemáticas que permitan ao alumnado seguir con aproveitamento as ensinanzas de educación primaria.

Os programas de reforzo das áreas ou materias instrumentais básicas están dirixidos ao alumnado que se atope nalgunha das situacións seguintes:

-O alumnado que non promocionou.

-O alumnado que, aínda ascendendo de curso, non superou algunha das áreas ou materias instrumentais do curso anterior .

-O alumnado no que se detecten, en calquera momento do curso, dificultades nas áreas ou materias instrumentais . O alumnado que supere os déficits de aprendizaxe detectados abandonará o programa de forma inmediata e incorporárase a outras actividades programadas para o grupo no que se atope escolarizado.

-Programas de adaptación curricular.

A identificación e valoración das necesidades educativas deste alumnado realizarase, o mais cedo posible, por persoal coa debida cualificación e de acordo co procedemento establecido pola administración, e a súa escolarización rexeráse polos principios de normalización, inclusión escolar e social, flexibilización e personalización do ensino.

A adaptación curricular é unha medida de modificación dos elementos do currículo, co fin de dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.No presente curso, en principio non temos ningún alumno que necesite A.C

6. Medidas de atención á diversidade

Para unha axeitada atención á diversidade, ademais dos principios metodolóxicos descritos, hai que ter presente as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Adecuación da Programación de Aula ás características do alumnado en canto flexibilización da temporalización e a contemplación de actividades de reforzo ou ampliación
- Reforzo educativo dentro/fóra da aula
- Acción tutorial
- Adaptacións curriculares, con carácter extraordinario.

Para por en marcha estas medidas contaremos en todo momento coa colaboración do Departamento de Orientación (orientadora, mestra de audición e linguaxe e mestra de pedagogía terapéutica).

No centro existen os seguintes documentos onde se establecen as distintas medidas de atención á diversidade: o Proxecto Educativo (PE) , o Proxecto Curricular Educativo (PCE), o Plan de Acción Tutorial (PAT), Normas de Organización e Funcionamento (NOF) e a Programación Xeral Anual (PXA).

Trabállanse dende o PE os valores de solidariedade e cooperación, participación , integridade, responsabilidade, liberdade, educación para a paz, autoestima, autonomía, seguridade, espírito crítico, escola non sexista..., téntase dar resposta aos intereses e necesidades de todo o alumnado dando prioridade a aqueles casos que, pola súa complexidade, presenten maiores necesidades de atención. Implicámonos nestas medidas todo o profesorado, familia e persoas que participen en cada caso en particular, sexan ou non da comunidade educativa.

Os agrupamentos faranse seguindo os criterios de heteroxeneidade e non discriminación, o alumnado con NEE será distribuído intentando incluír no mesmo grupo a aqueles nenos e nenas que teñan necesidades similares.

Imos proponer as seguintes actuacións para atender as necesidades especiais dentro deste curso escolar, (non podendo metelas todas neste plan pois resulta imposible pola limitación de espazo). Estas medidas de actuación serán asumidas polo profesor titor da aula en colaboración co PT e AL contando co asesoramento do DO e o EOE.

O programa de actuación de cada caso particular estará contemplado no PAT dun xeito mais específico e amplo.

- Programa de modificación de conduta para evitar comportamentos improcedentes.
- Programa de concienciación e aceptación das diferenzas.
- Plan para previr dificultades de lecto-escritura .
- Nofc que recollerá normas do centro en relación ás medidas organizativas que teñan en conta ao alumnado con NEE. Como:

-Actitudes de convivencia e non discriminación con relación ás diferenzas individuais.

- Plan de adaptación e avaliación inicial para educación infantil.
 - Medidas de flexibilización de tempos, espazos e ratios.
 - Un grupo de adquisición de linguas para alumnos de incorporación tardía
 - Eliminación de barreiras arquitectónicas
 - Elaboración de adaptacións curriculares e programas de reforzo educativo.
- Dende a PXA respecto das medidas a levar a cabo, destacar as actividades extraescolares e complementarias que van permitir unha maior interacción do profesorado/ familia/ alumnado/ entorno.
- Flexibilización de horarios do profesorado e alumnado para garantir unha atención mais personalizada e por en práctica a organización dos grupos para poder atender a aqueles alumnos que presentan desfase curricular. Procuraremos en todo momento que a atención ao alumnado con NEE se desenvolva considerando o principio de normalización, integración e inclusión tomando sempre como referencia a aula ordinaria na que o traballo dos titores e especialistas será coordinado.
- Gradación dos contidos en cada área ou materia especificando:
1. Contidos mínimos esixibles para superar a área ou materia (en torno a estes contidos articulándose medidas curriculares de atención á diversidade).
 2. Contidos e procedementos de afondamento
 3. Criterios de avaliación mínimos para superar cada área ou materia.
 4. Actividades tipo recuperación e reforzo en cada área ou materia.
- Ademais os equipos de ciclo e os departamentos didácticos colaborarán cos titores e co Departamento de Orientación na prevención, detección e atención ás dificultades de aprendizaxe a través das seguintes actuacións:
1. Participación na avaliación inicial
 2. Participación na avaliación psicopedagóxica aportando datos relevantes.
 3. Docencia, en caso de dispoñibilidade horaria, con respecto a apoios ordinarios.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | | | | X | | X |
| ET.4 - Competencia dixital | | | | | X | X |
| ET.5 - Fomento da creatividade | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Espírito científico | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Espírito do emprendemento | X | | X | X | | X |
| ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Educación para a Paz | | | X | X | X | |
| ET.10 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | | X | X | | X |
| ET.11 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual. | | X | | X | X | X |

Observacións:

As unidades didácticas formuladas van máis aló dunha secuenciación de contidos matemáticos, recollen temas que contextualizan a área coa vida cotiá, o que facilita a abordaxe dos elementos transversais.

Por outro lado, moitos dos instrumentos de avaliación foron seleccionados para amosar a adquisición da competencia matemática, implicando directamente a outras competencias, como a lingüística.

Hai cinco temas transversais que están presentes en todas as unidades didácticas. O enfoque de xénero que se formula nesta programación, así como a proposta de traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos implica que a igualdade entre mulleres e homes estea presente no día a día da aula. Por outro lado, a resolución de problemas leva implícita o traballo da comprensión lectora, e a explicación do proceso de resolución dos mesmos, a expresión oral e escrita, polo que son tratados en todas as unidades.

Por último, empregaranse o fomento da creatividade para a creación e resolución de retos e problemas, e o espírito científico propio da área para evitar en todo momento a reprodución de fórmulas ou procesos memorizados sen comprensión previa.

O resto de temas transversais teñen presenza en, alo menos, dúas unidades propostas, aproveitando a temática elixida para o seu tratamento.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---------------------------|--|----------|----------|----------|
| Saída ao entorno próximo | Coincidindo coa unidade realizaremos unha saída ao entorno máis próximo para potenciar o conteo cos animais. | X | | |
| Mes da ciencia | Novembro é o mes da ciencia e, coincidindo coa nosa unidade "Froitos de Outono" faremos un pequeno experimento matemático facendo uso dos mesmos. | X | | |
| Entroido | Como actividade complementaria desta unidade propónse facer os disfraces facendo uso das medidas na unidade "Co paso do tempo...medimos!" | | X | |
| Compra-venta | Na unidade da "A Xoguetería" faremos un rol-playing de compra e venda de distintos produtos | | X | |
| Visita a un museo | No ecuador do terceiro trimestre, e coincidindo que todo o centro está a traballar esta unidade, na que o alumnado participará en actividades relacionadas coa arte e matemáticas. | | | X |
| Excursión de fin de curso | Despois de planificar a saída de forma conxunta, toca gozala e levala a cabo. | | | X |

Observacións:

Cada unidade didáctica terá asociada, polo menos, unha actividade complementaria ou extraescolar, sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deben ser abordadas tamén dende o punto de vista das matemáticas.-

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| - Porcentaxe de alumnado que acada unha valoración positiva na materia de matemáticas. Indicador de logro: 75% do alumnado debe ter avaliación positiva. |
| Metodoloxía empregada |
| - Metodoloxía: porcentaxe de sesións con actividades de aula de traballo cooperativo e colaborativo. Indicador de logro: 70% |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| - Uso de material manipulativo para introducir novos contidos (Escala de 1 a 4) |
| - Utilización de recursos e estratexias multinivel adaptadas ao alumnado e á súa diversidade (Escala de 1 a 4) |
| Medidas de atención á diversidade |
| - Emprego de instrumentos de avaliación adaptados á diversidade (Escala de 1 a 4) |
| Clima de traballo na aula |
| - Contextualización dos contidos matemáticos na vida cotiá. |
| - Fomento do emprego de linguaxe matemática axeitada. (Escala de 1 a 4) |
| - Valoración e emprego das interrogantes formuladas polo alumnado para xerar aprendizaxe. |

Descrición:

Respondendo a estas cuestións, poderemos planificar mellor a programación en cada momento que consideremos oportuno co fin de mellorar a nosa práctica docente e os resultados do noso alumnado.

1. Procedemento

- No que respecta aos obxectivos:
 - Conseguimos chegar a un acordo con respecto ao obxectivos que se perseguen en cada nivel?
 - Estes obxectivos están secuenciados con respecto aos de niveis anteriores?
 - Concretáronse o suficiente como para guiar a nosa intervención educativa?
 - Fan referencia ás capacidades coas que se relacionan cada unha das áreas?
- No que se refire aos contidos:
 - Están secuenciados con respecto aos previstos nos cursos anteriores?
 - Explicitan os mínimos esixibles para cada curso?
 - Relaciónanse de xeito natural cos temas de carácter transversal (educación en valores, fomento de la lectura e TIC) e cos intereses e a vida cotiá del alumnado?
 - Planificáronse as relacións dos contidos desta materia cos doutras materias que cursa o alumnado neste ciclo, para dotar de sentido global e funcionalidade as aprendizaxes?
- No relativo á metodoloxía:
 - Están previstas axudas pedagóxicas dentro das explicacións?
 - Os materiais curriculares que serven de apoio a esta Programación foron valorados e seleccionados atendendo aos seus aspectos técnico, curricular e de educación en valores?
 - Adecuáronse os espazos previstos segundo a funcionalidade dos mesmo?
 - Equilibrouse o uso dos distintos tipos de agrupamentos nas diferentes actividades: gran grupo, pequenos grupos, parellas e individualmente?

- No relacionado coa avaliación:
- Explicitáronse correctamente os criterios de avaliación e o grado mínimo en que hai que acadalos?
- As técnicas e instrumentos de avaliación escollidas facilitan a obtención de abundante información sobre o que aprendeu cada alumno?
- Definíronse correctamente os criterios de cualificación e comunicáronse ao alumnado/ familias?
- Realizouse un adecuado seguimento do alumnado con materias pendentes de ciclos anteriores e do alumnado que repite curso?
- No que se refire ao Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo:
- Coordináronse as medidas educativas que precisan coa Programación de Aula en relación a elementos organizativos (espazos, tempos, materiais, agrupamentos,...) e a elementos curriculares (obxectivos didácticos, contidos, explicacións, actividades, procedementos de avaliación).

O equipo docente, mensualmente, ten a oportunidade de avaliar o proceso de ensinanza. Ademais deste momento semanal de avaliación da nosa práctica, existen outros como o trimestral e o anual. Trimestralmente, realizamos un balance dos obxectivos e contidos logrados, o que nos permite introducir as modificacións oportunas na programación de cara ao seguinte trimestre. A final de curso, este balance realízase en relación co conseguido en todo o curso dentro do marco da “Memoria Final de Curso”.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Este apartado está descrito no punto 8.1.

9. Outros apartados